

Programa << CONSOLIDACOO >>

Para consolidar a vosa cooperativa, impulsa coñecemento e capacidades!.
ConsolidaCoop: Un programa de mentoring con empresas cooperativas.

Convoca: Unión de Cooperativas Espazocoop

Destinatarias: cooperativas galegas, con preferencia as socias de Espazocoop

Convoca

Unión de Cooperativas Galegas EspazoCoop, dentro do Programa de actuación 2020 da Rede Eusumo.

A Rede Eusumo é unha rede de colaboración impulsada pola Secretaría Xeral de Emprego da Xunta de Galicia para o fomento e consolidación do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social.



Obxecto

Espazo Coop é unha entidade multisectorial, integrada por cooperativas de distintas clases, que ten, como un dos seus obxectivos, a mellora da xestión e do funcionamento das cooperativas que asocia.

Un dos fins e misión da Unión é apoiar a consolidación das cooperativas, en especial das asociadas, mediante procesos de acompañamento que contribúan ao seu impulso e consolidación.

Con este Programa preténdese:

- > Mellorar a capacidade das cooperativas para **consolidar a súa actividade**, reforzando aquelas áreas que sexan susceptibles de mellora para o seu pleno desenvolvemento empresarial e societario.
- > Acompañar aos órganos directivos e consellos reitores para que podan **asumir con garantías o seu papel de goberno e xestión**.
- > Impulsar a **transferencia de experiencias, metodoloxías e boas prácticas** entre as entidades que participen no programa.
- > **Dotar de ferramentas específicas de autodiagnose** que podan contribuir a mellora futura da xestión empresarial e societaria con carácter autónomo.

O obxecto desta convocatoria é **seleccionar 9 cooperativas** que teñan interese en participar no programa de mentoring **CONSOLIDACOO** e ademais cumpran coas condicións das bases da convocatoria.

Trátase dun programa **parcialmente subvencionado**.

CONDICIÓNS DO PROGRAMA 'CONSOLIDACOO'

Plan de Traballo

O Programa componse de distintas fases e consiste nunha intervención integral da cooperativa, socio-empresarial, polo que terá unha primeira fase de coñecemento, de análise de documentación para identificar a situación existente, as eivas e as áreas de intervención.

- x **Elaborar a Diagnose DAFO (debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades) para o plan de mellora da entidade.**
- x **Analizar o área comercial e de mercado.**
- x **Analizar o área organizativa.**
- x **Analizar o área económica e financeira.**
- x **Elaborar, planificar e poñer en marcha unha proposta de mellora na entidade (fixar obxectivos, recursos, ferramentas, temporalizar, indicar resultados esperados, aplicar, avaliar, etc.)**

O Programa de **ConsolidaCoop** desenvolverá un traballo de mentoring ou acompañamento, mediante **sesións presenciais** personalizadas coas cooperativistas de cada entidade beneficiaria.

Ademais das sesións presenciais realizarase un traballo de documentación e preparación das sesións, e un **asesoramento virtual** complementario (por teléfono, correo electrónico ou videoconferencia).

A participación no programa esixirá **participación e compromiso activo da cooperativa** no proceso de mellora e a asunción das propostas de traballo realizadas pola persoa que titoriza o acompañamento para a consolidación.

A quen vai dirixido?

Terán preferencia as **cooperativas socias** de EspazoCoop, que teñan o perfil vinculado aos obxectivos a acadar con este Programa.

En función do financiamento que obteña EspazoCoop para este programa, **poderá solicitarse cofinanciamento ás cooperativas socias** beneficiarias do mesmo para o seu desenvolvemento.

Se non se cubre o número previsto de beneficiarias do Programa - 9 - coas anteriores, poderanse incorporar **outras cooperativas non socias**, dando preferencia ás que formen parte de redes de economía social como o *Foro pola Economía Social Galega*, *REAS Galicia*, *Coop57* e *Fiare*, que reunan o perfil deste Programa.

As entidades seleccionadas **non socias** terán que **cofinanciar** o equivalente ao 20% do custe do servizo, e que para esta edición ascenderá a un total de 400,00 € (catrocentos euros) máis IVE, a desembolsar en dúas cotas mensuais consecutivas de 200,00 € + IVE, a primeira delas unha vez reciba a confirmación de beneficiaria do Programa (o servizo comezará a desenvolverse unha vez teña realizado o primeiro desembolso).


Quen participa no mentoring?

O servizo realizarase coas cooperativistas (as **socias da cooperativa**), aínda que determinados aspectos e sesións se traballen co **persoal directivo e técnico** con responsabilidades de xestión empresarial e societaria. O traballo individualizado en cada cooperativa supón que o número de persoas participantes no proceso é variable, en función da dimensión da empresa.

Duración do mentoring

Cada unha das cooperativas beneficiarias terá unha adicación de **80 horas**, nas que se levarán a cabo tarefas de preparación, execución, atención, diagnose, e revisión de cada unha das áreas que contempla o programa.

A adicación prevista inclúe tanto horas presenciais como as horas de revisión documental, busca de información, asesoramento telemático, e calquera outra, conformando así a totalidade de horas a disposición da entidade beneficiaria.



Período da intervención de ConsolidaCoop:

Data de inicio: **16 de marzo 2020**

Data de fin: 31 de xullo 2020 (Sesións de acompañamento) – 30 de setembro 2020 (Elaboración de informes)

O **calendario de traballo** en cada cooperativa será **consensuado** coa beneficiaria.

O obxectivo final é que as persoas socias, con independencia do tamaño da entidade, podan **asumir a futuro e con garantías a cobertura das funcións directivas e asegurar o relevo en postos estratéxicos**.

Onde se presta o servizo Consolidacoop?

As sesións presenciais de acompañamento terán lugar **nas propias instalacións das cooperativas**, ou en calquera **outra instalación acordada** entre ambas partes, dando preferencia as instalacións de EspazoCoop e de calquera outra entidade da Rede Eusumo.

Equipo da Unión de cooperativas

O equipo técnico de EspazoCoop asumirá a coordinación do Programa e o acompañamento nos procesos de mentoring de ConsolidaCoop.

Abordará os asesoramentos e acompañamentos de xeito proactivo e comprometido, apoiando o cambio que deberán liderar as cooperativas no curto prazo.

Método da intervención Consolidacoop

Desenvolverase un método de traballo que combina a **reflexión estratéxica**, coa elaboración de **modelos**, uso de **ferramentas de análise e planeamento**, exposición de **casos** de éxito, **intercambio** de opinións e experiencias que sirvan para estimular e ordenar o **diálogo** nun plano de igualdade e enriquecemento mutuo.

Selección de cooperativas beneficiarias

O proceso de selección consistirá en recoller información das cooperativas demandantes: mediante un **formulario**, fai clic [neste enlace](#).

A valoración e selección das cooperativas beneficiarias, será realizada por unha comisión na que participará persoal do programa, e representantes da Unión de cooperativas.

SOLICITUDES E PRAZO

O prazo para inscribirse abrangue do 18 de febreiro ao **4 de marzo de 2020**.

As cooperativas interesadas en participar no Programa deberán solicitalo e cumprimentar o **formulario electrónico** de datos [neste enlace](#).

INFORMACIÓN E CONSULTAS

Teléfono e mail de consulta e información:

986 86 61 49 - roberto@espazo.coop